

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 4474/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dna. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, da Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para a contratación de oito socorristas para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, ao amparo da orde do 27 de maio de 2024 e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, das Bases Reguladoras para a selección e contratación de oito empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro.

Tendo en conta que quedan postos de socorristas vacantes.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 20 de xullo de 2024, na que se publica o establecemento de un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para a contratación de cinco postos de socorristas para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, ao amparo da orde do 27 de maio de 2024 e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Vista a base xeral sexta, que sinala "(...) 1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, Alcaldesa ditará resolución comprensiva que conterà:
- a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo de exclusión..."

Tendo en conta que dada a urxente e inaprazable necesidade da contratación de socorristas para a participación na vixilancia das praias, e atendendo ao inicio da época de verán.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte **lista ao proceso selectivo de cinco socorristas con carácter de lista definitiva de admitidos/as:**

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome
1	MARTIN SAPENA LEYRE
2	PALMEIRO SUAREZ ANDREA

A publicación desta lista de admitidos de carácter definitiva farase no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

Contra a resolución que aproba a presente lista de admitidos con carácter de definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante



Concello de Viveiro

da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2
do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

